

RESOLUCIÓN DO SECRETARIO XERAL TÉCNICO E DO TESOURO POLA QUE SE APROBA DEFINITIVAMENTE O PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2025-2026 DO CONCELLO DA CORUÑA

ANTECEDENTES

1. O Concello da Coruña incumpriu a regra de gasto na liquidación orzamentaria do exercicio 2024.
2. Como consecuencia do anterior, e en cumprimento da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF), o pleno da corporación provincial na súa sesión ordinaria do 5 de xuño de 2025, aprobou un Plan Económico-Financeiro (PEF) para o período 2025-2026 e acordou a súa remisión a Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro da Consellería de Facenda e Administración Pública como órgano de tutela, para a súa aprobación definitiva e seguimento tal e como establece o artigo 23 da citada lei orgánica.
3. O PEF aprobado e a documentación correspondente, recibíronse neste centro directivo o 11 de xuño de 2025.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Tense en conta a seguinte normativa legal:
 - Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
 - Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
2. O informe emitido pola Subdirección Xeral de Política Financeira o 11 de xullo do 2025 indica que se cumpren as esixencias legais e se dan as condicións precisas para a aprobación definitiva do PEF 2025-2026 remitido.

Por todo o anterior, e no exercicio das competencias en materia de tutela financeira dos entes locais atribuída á Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 49.1 do seu Estatuto de Autonomía, que corresponde á Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro, de



acordo co artigo 4.b).3 do Decreto 141/2024 do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública,

RESOLVO:

1. Aprobar definitivamente o Plan Económico-Financeiro presentado polo Concello da Coruña para os exercicios 2025 e 2026.
2. Se houbese desviacións na execución do plan, deberán informar a esta Secretaría Xeral sobre as medidas adicionais adoptadas que permitan acadar o obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto durante a vixencia do PEF.
3. O concello, en cumprimento do artigo 9.2 da Orde HAP 2105/2012, deberá, no prazo de 5 días naturais desde a aprobación do PEF por este órgano de tutela, remitilo ao Ministerio de Hacienda a través da plataforma habilitada para o efecto na súa Oficina Virtual.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido nos artigos 10.1.a e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, ou ben, con carácter previo á súa interposición, dentro do mesmo prazo, poderá efectuar ante esta Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro o requirimento a ao que se refire o artigo 44 da citada Lei.

Mediante este documento notifícase a presente resolución conforme ao esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O secretario xeral Técnico e do Tesouro

David Cabañó Fernández

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DA CORUÑA

